



Concello de Moaña

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Desde o momento da declaración por parte do Goberno Español do estado de alarma mediante Real Decreto 463/2020, de 14 marzo (BOE número 67, de 14 de marzo), en aplicación da regulación recollida no Real Decreto Lei 8/2020, de 17 de marzo (BOE número 73, de 18 de marzo) e no Real Decreto Lei 11/2020, de 31 de marzo (BOE número 91, de 1 de abril) no Concello de Moaña adoptáronse unha serie de medidas de natureza tributaria co obxecto de facilitar á veciñanza o cumprimento das súas obrigas con pleno respecto ás condicións de seguridade actualmente vixentes.

Dada a entrada na fase 1 do desconfinamento, o 19 de maio a concesionaria do servizo de abastecemento, saneamento e depuración de augas comunica a esta corporación a apertura da súa oficina o vindeiro luns 25 de maio de 2020.

Considerando a expiración do prazo de pagamento dos recibos correspondentes ao primeiro trimestre da taxa polo servizo prestado pola concesionaria, co obxecto de posibilitar á veciñanza e á concesionaria as xestións necesarias para dar cumprimento ás súas obrigas evitando situacións que puideran por en risco as condicións de seguridade necesarias na actualidade, esta Alcaldía, no uso das atribucións que lle confire o artigo 21.1m) da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de Réxime Local

RESOLVE:

Primeiro: Prorrogar o prazo de pagamento dos recibos correspondentes ó primeiro trimestre da taxa polo servizo de abastecemento, saneamento e depuración de augas residuais ata o 30 de xuño de 2020.

Segundo: Someter o presente decreto á ratificación do Pleno na primeira sesión que celebre.

Terceiro: Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do concello

Moaña, 20 de maio de 2020

A alcaldesa
Leticia Santos Paz

Vto. e P. A Secretaria
Paula Piñeiro Camiña

Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104



Cod. Validación: 4X+HZYNRZ4PGYN+2LTT5NR332 | Corrección: <https://concellodemoana.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1